


Caderno de información académica 4º da ESO



IES CASTRO ALOBRE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



INTRODUCCIÓN

- Criterios de titulación LOMCE
- O sistema educativo según LOMCE
- E despois da ESO, qué?
- Bacharelato
- Os estudos universitarios
- Os ciclos de Formación Profesional
- As ensinanzas de Réxime Especial
- As ensinanzas de Adultos

CRITERIOS DE TITULACIÓN EN ESO LOMCE

Para titular na ESO requírese:

- A superación de todas as materias de ESO ou a avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente unha lingua cooficial e matemáticas:

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA + MATEMÁTICAS
LINGUA GALEGA E LITERATURA + MATEMÁTICAS

- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos considéranse como materias distintas.
- Sen prexuício do anterior, para obter o título será necesario que o equipo docente considere que o alumno ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Os alumnos de **FP Básica** poderán acadar o título de ESO se superan os módulos asociados ós bloques comúns e se o equipo de profesores considera que ten acadados os obxectivos e as competencias da ESO.


Nota media de ESO:

- A nota media de ESO calcúlase realizando a media de todas as materias con dous decimais, redondeando á centésima máis próxima.
- No caso dos alumnos que proceden de PMAR na nota media final non se terán en conta as materias pendentes non superadas antes de acceder ó programa se as materia están incluídas nalgún dos ámbitos e superase ditos ámbitos.
- No caso de FP Básica a media do título de ESO será a nota media dos módulos asociados ós bloques comúns.
- Que acade unha media de 9 como mínimo, despois de facer a media, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra.
- O título de ESO permitirá acceder a calquera ensinanza independentemente do itinerario cursado en 4º.

Consello orientador:

Ó remate de cada curso de ESO emitiráselles ós pais un consello orientador co itinerario máis adecuado a seguir, que formará parte do seu expediente.

O SISTEMA EDUCATIVO SEGÚN A LOMCE:



E DESPOIS DA ESO QUE?



Se tes o título de graduado en ESO. Tes as seguintes opcións:

- Bacharelato:
 - Ciencias.
 - Humanidades e Ciencias Sociais
 - Artes
- A Formación Profesional Específica (Ciclos de Grao Medio)
- As Ensinanzas de Réxime Especial:
 - Música, Danza
 - Artes Plásticas e Deseño (Ciclos de Grao Medio)
 - Idiomas
 - Ensinanzas deportivas (Adestrador)

Se non tes o título de graduado en ESO:

- Ciclos de Formación Profesional Básica.
- As Ensinanzas de Persoas Adultas (ESA).
- Proba libre para acadar o título de ESO.
- Acceder aos Ciclos Formativos de Grao Medio, mediante proba e con 17 anos cumpridos no ano en que se celebran as probas.

Outras alternativas:

- A Formación Ocupacional
- A Formación non regrada.

O Bacharelato

É a última etapa da Educación Secundaria, non é obrigatoria e a súa duración é de dous cursos, normalmente entre os 16 e os 18 anos.

Como está organizado?

- Dura 2 cursos académicos. Os períodos lectivos no bacharelato serán de **32 horas semanais**.
- Poderás escoller entre **3 modalidades diferentes**:
 - Ciencias.
 - Humanidades e Ciencias Sociais.
 - Artes.
- Pódese **repetir** un máximo de dúas veces na etapa, un curso cada vez. Poderás permanecer escolarizado catro cursos académicos.
- Repetirán 1º curso os alumnos que teñan **avaliación negativa en máis de dúas materias, ou dúas se son simultaneamente unha lingua cooficial e matemáticas**. En 2º deberán matricularse das materias pendentes de 1º. Se ao rematar 2º suspendes algunha/s materia/s poderás matricularte delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou podes optar por matricularte de todas as materias de 2º para mellorar as túas cualificacións.
- **Para acadar o título hai que ter superadas todas as materias dos dous cursos**. A calificación final da etapa será a media aritmética das calificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no Bacharelato, expresada en unha escala de **0 a 10 con dous decimais**, redondeada á centésima.
- As **materias de idéntica denominación nos dous cursos** (Por ex. Lingua Galega e Literatura I, Lingua Castelá e Literatura I, Matemáticas I, ...), son materias de aprendizaxe progresiva: Deberás superar a materia de 1º para poder ser avaliado da materia de 2º (ver cadro). Poderás matricularte da materia de 2º sempre que o profesorado que a imparta considere que reúnes as condicións necesarias para aproveitar a materia de 2º. O normal é matricularse das dúas, e a de 1º terá consideración de pendente.
- Cadro sobre a continuidade das materias en Bacharelato:

Continuidad entre materias de Bachillerato

1º curso de Bachillerato	2º curso de Bachillerato
Lengua Castellana y Literatura I	Lengua Castellana y Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II
Primera Lengua Extranjera I	Primera Lengua Extranjera II
Dibujo Técnico I	Dibujo Técnico II
Latín I	Latín II
Griego I	Griego II
Matemáticas aplicadas a las Ciencias Sociales I	Matemáticas aplicadas a las Ciencias Sociales II
Fundamentos del Arte I	Fundamentos del Arte II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análisis Musical I	Análisis Musical II
Dibujo Artístico I	Dibujo Artístico II
Segunda Lengua Extranjera I	Segunda Lengua Extranjera II
Tecnología Industrial I	Tecnología Industrial II
Tecnologías de la Información y la Comunicación I	Tecnologías de la Información y la Comunicación II
Física y Química	Física/Química
Biología y Geología	Biología/Geología

A que dá acceso o título de Bacharelato?

Co título de Bacharel podes acceder ao maior número de saídas profesionais:

- Estudios Universitarios: títulos de grao. (Hai modalidades relacionadas con cada un deses estudos)
- Ciclos Formativos de Grao Superior de calquera Familia Profesional (hai vinculacións preferentes).
- Estudios Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial.
- Outros estudos: Piloto Civil, Estudios Militares Superiores, Forzas de Corpos de Seguridade, e titulacións propias das universidades.

Os diferentes estudos están relacionados con cada modalidade e materias do Bacharelato, de xeito que en función do Bacharelato escollido terás máis fácil acceso a uns Graos universitarios e Ciclos Superiores de formación profesional determinados.

Itinerarios Bacharelato LOMCE



1º BACHILLERATO

41

1º Bachillerato	TRONCALES (4+2)		ESPECÍFICAS (Mínimo 3 - máximo 4)	DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA (nº indeterminado de asignaturas)
	TRONCALES GENERALES (4)	TRONCALES DE OPCIÓN (2)		
CIENCIAS	<ul style="list-style-type: none"> Lengua castellana y literatura I Primera lengua extranjera I Filosofía Matemáticas I 	<ul style="list-style-type: none"> Física y Química Biología y Geología Dibujo Técnico I 	<ul style="list-style-type: none"> Siempre: Educación Física 	<ul style="list-style-type: none"> Siempre: Lengua cooficial y literatura I (si la hubiere) Otras: A determinar. Una materia del bloque específicas no cursada
HUMANIDADES	<ul style="list-style-type: none"> Lengua castellana y literatura I Primera lengua extranjera I Filosofía Latín I 	<ul style="list-style-type: none"> Latín I (Ciencias Sociales) Historia del mundo contemporáneo 	<ul style="list-style-type: none"> Mínimo 2 máximo 3: Segunda lengua extranjera I Ampliación de materia bloque troncales Cultura científica Tecnología industrial I TIC I Dibujo técnico I Dibujo artístico I Volumen Anatomía aplicada Análisis musical I Lenguaje y práctica musical Una materia del bloque troncales: Religión 	
CIENCIAS SOCIALES	<ul style="list-style-type: none"> Lengua castellana y literatura I Primera lengua extranjera I Filosofía Matemáticas aplicadas a las ciencias Sociales I 	<ul style="list-style-type: none"> Griego I Economía Literatura universal 		
ARTES	<ul style="list-style-type: none"> Lengua castellana y literatura I Primera lengua extranjera I Filosofía Fundamentos del arte I 	<ul style="list-style-type: none"> Historia del mundo contemporáneo Literatura universal Cultura audiovisual I 		

Minimo 50 % del horario

2º BACHILLERATO - LOMCE

	Humanidades y Ciencias Sociales		Ciencias	
	Humanidades	Ciencias Sociales	Ciencias	
TRONCALES GENERALES	Lengua Castellana II Inglés II Hª de España Latín II	Lengua Castellana II Inglés II Hª de España Matemáticas CCSS II	Lengua Castellana II Inglés II Hª de España Matemáticas II	
TRONCALES DE OPCIÓN	Hª del Arte Hª de la Filosofía	Economía Hª de la Filosofía	Física Química	Química Biología
ESPECÍFICAS	(elegir una) Geografía Griego II	(elegir una) Geografía Latín II	(elegir una) Biología Dibujo	Geología
	(elegir una) Francés II Informática II Fund. de Adm. y gestión Psicología	(elegir una) Francés II Informática II Fund. de Adm. y gestión Psicología	(elegir una) Francés II Informática II Tecnología Industrial II Psicología C. Tierra y M.A	

Opcións no noso centro:

1º BACHARELATO

XERAIS: Educación física, Filosofía, Ling. galega e lit. I, Ling. castelá e lit. I 1ª lingua: <input type="checkbox"/> Inglés / <input type="checkbox"/> Francés (elixe unha das dúas)				
MODALIDADE : <input type="checkbox"/> CIENCIAS			MODALIDADE : <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
Só se impartirá a materia seleccionada se o número de alumnado é igual ou superior a 5.				
ITINERARIO A <input type="checkbox"/> Matemáticas I Física e química Debuxo Técnico I	ITINERARIO B <input type="checkbox"/> Matemáticas I Física e química Bioloxía e Xeoloxía	ITINERARIO C <input type="checkbox"/> Matemáticas I Bioloxía e Xeoloxía Debuxo técnico I	HUMANIDADES <input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/> Grego I ou <input type="checkbox"/> HMC <input type="checkbox"/> Lit. Universal ou <input type="checkbox"/> Economía	CIENCIAS SOCIAIS <input type="checkbox"/> Matemáticas apl. ás CCSS. I <input type="checkbox"/> Grego I ou <input type="checkbox"/> HMC <input type="checkbox"/> Lit. Universal ou <input type="checkbox"/> Economía
MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA 3H+2H+1H= 6H (Numera por orde preferente en todos os bloques) Só se impartirá a materia seleccionada se o número de alumnado é igual ou superior a 10.				
<input type="checkbox"/> Anatomía aplicada (3H) <input type="checkbox"/> Tecnoloxía industrial I (3H) <input type="checkbox"/> Debuxo artístico I (3H) <input type="checkbox"/> Ling. e práctica musical (3H) <input type="checkbox"/> Volume (3H)	<input type="checkbox"/> 2ª Lingua Francés (2H) <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Inglés (2H) <input type="checkbox"/> TIC I (2H) <input type="checkbox"/> Cultura científica (2H) <input type="checkbox"/> Antropoloxía *(2H) <input type="checkbox"/> Literaturas Hispánicas *(2H)	<input type="checkbox"/> Anatomía aplicada (3H) <input type="checkbox"/> Debuxo artístico I (3H) <input type="checkbox"/> Ling. e práctica musical (3H) <input type="checkbox"/> Volume (3H)	<input type="checkbox"/> 2ª Lingua Francés (2H) <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Inglés (2H) <input type="checkbox"/> TIC I (2H) <input type="checkbox"/> Cultura científica (2H) <input type="checkbox"/> Antropoloxía *(2H) <input type="checkbox"/> Literaturas Hispánicas *(2H)	<input type="checkbox"/> Relixión Católica (1H) <input type="checkbox"/> Afondamento en tec. ind. *(1H) <input type="checkbox"/> Lingua e cult. Portuguesa *(1H) <input type="checkbox"/> Igualdade e imaxe *(1H) <input type="checkbox"/> Intelixencia artificial *(1H)
<input type="checkbox"/> Relixión Católica (1H) <input type="checkbox"/> Lingua e cult. Portuguesa *(1H) <input type="checkbox"/> Igualdade e imaxe *(1H) <input type="checkbox"/> Intelixencia artificial *(1H)	<input type="checkbox"/> Relixión Católica (1H) <input type="checkbox"/> Lingua e cult. Portuguesa *(1H) <input type="checkbox"/> Igualdade e imaxe *(1H) <input type="checkbox"/> Intelixencia artificial *(1H)	<input type="checkbox"/> Relixión Católica (1H) <input type="checkbox"/> Lingua e cult. Portuguesa *(1H) <input type="checkbox"/> Igualdade e imaxe *(1H) <input type="checkbox"/> Intelixencia artificial *(1H)	<input type="checkbox"/> Relixión Católica (1H) <input type="checkbox"/> Lingua e cult. Portuguesa *(1H) <input type="checkbox"/> Igualdade e imaxe *(1H) <input type="checkbox"/> Intelixencia artificial *(1H)	<input type="checkbox"/> Relixión Católica (1H) <input type="checkbox"/> Lingua e cult. Portuguesa *(1H) <input type="checkbox"/> Igualdade e imaxe *(1H) <input type="checkbox"/> Intelixencia artificial *(1H)

As materias sinaladas con * son de libre configuración, só se poderá elixir 1 como máximo.

2º BACHARELATO

XERAIS: Lingua castelá e literatura II, Lingua galega e literatura II, Historia. 1ª lingua: <input type="checkbox"/> Inglés / <input type="checkbox"/> Francés (elixe unha das dúas)			
MODALIDADE : <input type="checkbox"/> CIENCIAS		MODALIDADE : <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
Só se impartirá a materia seleccionada se o número de alumnado é igual ou superior a 5.			
ITINERARIO A <input type="checkbox"/> Matemáticas II Física <input type="checkbox"/> Química ou <input type="checkbox"/> Xeoloxía ou <input type="checkbox"/> Deb. Téc. II	ITINERARIO B <input type="checkbox"/> Matemáticas II Bioloxía <input type="checkbox"/> Xeografía ou <input type="checkbox"/> Grego ou <input type="checkbox"/> Hª da arte ou <input type="checkbox"/> Economía da Empresa	HUMANIDADES <input type="checkbox"/> Latín II Hª Filosofía <input type="checkbox"/> Xeografía ou <input type="checkbox"/> Grego ou <input type="checkbox"/> Hª da arte ou <input type="checkbox"/> Economía da Empresa	CIENCIAS SOCIAIS <input type="checkbox"/> Matemáticas apl. ás CCSS. II Hª Filosofía <input type="checkbox"/> Xeografía ou <input type="checkbox"/> Grego ou <input type="checkbox"/> Hª da arte ou <input type="checkbox"/> Economía da Empresa
MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA (Numera por orde preferente dentro de cada bloque) <input type="checkbox"/> Unha Opción 4H+3H+1H (8H) <input type="checkbox"/> Unha Opción 3H+3H+2H (8H)			
Só se impartirán as materias seleccionadas se o número de alumnado é igual ou superior a 10.			
<input type="checkbox"/> Tecnoloxía industrial II (3H) <input type="checkbox"/> Ciencias da terra e do medio amb. (3H) <input type="checkbox"/> Debuxo artístico II (3H) <input type="checkbox"/> Imaxe e son (3H) <input type="checkbox"/> Hª da música e a danza (3H) <input type="checkbox"/> Economía da empresa (4H) <input type="checkbox"/> Hª Filosofía	<input type="checkbox"/> Psicoloxía (3H) <input type="checkbox"/> 2ª lingua estranxeira (3H) <input type="checkbox"/> Téc. expresión gráfico-plástica(3H) <input type="checkbox"/> TIC II (3H)	<input type="checkbox"/> Fundamentos admón. e xestión (3H) <input type="checkbox"/> Debuxo artístico II (3H) <input type="checkbox"/> Imaxe e son (3H) <input type="checkbox"/> Hª da música e a danza (3H) <input type="checkbox"/> Hª da arte (4H) <input type="checkbox"/> Economía da empresa (4H)	<input type="checkbox"/> Psicoloxía (3H) <input type="checkbox"/> 2ª lingua estranxeira (3H) <input type="checkbox"/> Téc. expresión gráfico-plástica (3H) <input type="checkbox"/> TIC II (3H)
<input type="checkbox"/> Ética e filosofía do dereito (2H) <input type="checkbox"/> Métodos estatísticos e numéricos (2H) <input type="checkbox"/> Literatura galega do século XX e da actualidade (2H) <input type="checkbox"/> Electrotecnia (2H) <input type="checkbox"/> Relixión católica (1H) <input type="checkbox"/> Deportes (1H)	<input type="checkbox"/> Ética e filosofía do dereito (2H) <input type="checkbox"/> Métodos estatísticos e numéricos (2H) <input type="checkbox"/> Literatura galega do século XX e da actualidade (2H) <input type="checkbox"/> Relixión católica (1H) <input type="checkbox"/> Deportes (1H)		

Que é a ABAU?

É a proba de avaliación do Bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao.

A proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) **estrutúrase** en dúas partes denominadas respectivamente Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria.

Parte obrigatoria:

MATERIAS TRONCAIS XERAIS E MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA			
- Historia de España			
- Lingua Castela e Literatura II			
- Lingua Galega e Literatura II			
- Primeira Lingua Estranxeira II: <i>Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués</i> (Opción lingüística cursada)			
MATERIA DE MODALIDADE (cursada)			
ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
- Fundamentos da Arte II	- Matemáticas II	- Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais	- Latín II
Nota: No caso da materia de modalidade o alumnado terá que examinarse obrigatoriamente da materia troncal correspondente á modalidade de Bacharelato cursado.			

Parte voluntaria:

MATERIAS OBJETO DE EXAME NA PARTE VOLUNTARIA		
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)		MATERIAS DE MODALIDADE (agás aquela da que se examinou na Parte Obrigatoria)
- Artes Escénicas	- Grego II	- Fundamentos da Arte II (agás Bacharelato de Arte)
- Bioloxía	- Historia da Arte	- Latín II (agás Bacharelato de Humanidades)
- Cultura Audiovisual II	- Historia da Filosofía	- Matemáticas II (agás Bacharelato de Ciencias)
- Debuxo Técnico II	- Química	- Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II (agás Bach. C. Sociais)
- Deseño	- Xeoloxía	MATERIA OPTATIVA Nota: A opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examina na Primeira Lingua Estranxeira II.
- Economía da Empresa	- Xeografía	
- Física II		- Segunda Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués
Nota: a efectos de organización da proba, o alumnado indicará na solicitude de matrícula da ABAU a materia ou materias (máximo catro materias) das que se examinará na Parte Voluntaria.		

Cualificación:

Cada un dos exercicios da Parte Obrigatoria cualificarase entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais. A cualificación da Parte Obrigatoria será a media aritmética de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior. Considerarase superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade cando o estudante obtivese unha nota igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos como resultado da media ponderada do 60 por 100 da nota media do bacharelato (NMB) e o 40 por 100 da cualificación da Parte Obrigatoria (CPO), sempre que se obtivese un mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria da proba. A cualificación da Parte Obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

Cada unha das materias da Parte Voluntaria das que se examine o estudante será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superada cada unha das materias da Parte Voluntaria das que se examine o estudante cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos. Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos. Aos efectos do acceso á universidade, a cualificación das materias da Parte Voluntaria terá validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación; así, por exemplo, para alguén que superase a/as materia/s obxecto de exame na Parte Voluntaria da proba na convocatoria ordinaria ou extraordinaria do ano 2018, a validez destas será para o acceso á universidade no curso 2018- 2019 e 2019-2020

Superación da proba de avaliación da Bacharelato para o acceso á Universidade

NAD (Nota de admisión) = $0,6 * NMB + 0,4 * CPO + a * M1 + b * M2$	
NMB	Nota media do bacharelato
CPO	Cualificación da Parte Obrigatoria da ABAU.
M1M2	Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da Parte Obrigatoria, que proporcionen mellor nota de acceso.
a,b	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da ABAU que proporcionen mellor nota de acceso.

OS ESTUDIOS UNIVERSITARIOS

Ao estudar na universidade, podemos cursar estudos de:

1. **GRAO:** Obtense o título de graduado (240 Créditos ECTS, 4 anos)
2. **POSTGRAO:**
 - **MASTER:** trala superación dun grao obtense unha formación especializada e máis avanzada. Acádase o título de Master. (60-120 Créditos ECTS. 1-2 anos)
 - **DOUTORAMENTO:** trala superación dun grao e un master, obtense unha formación avanzada en técnicas de investigación. Acádase o título de doutor.

Todos os títulos están organizados en **5 ramas de coñecemento, que coinciden, máis ou menos, coas modalidades de bacharelato**. A cada rama de coñecemento pertencen os diferentes títulos de grao que se ofertan nas diferentes universidades.

1. **Ciencias Sociais e xurídicas.**
2. **Artes e humanidades.**
3. **Ciencias da saúde.**
4. **Ciencias.**
5. **Enxeñaría e arquitectura.**

A continuación presentámosche o **vínculo entre as materias de modalidade de bacharelato e as diferentes ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias**, así como os **diferentes títulos de grao que se ofertan en cada rama de coñecemento** (Oferta de toda España), vixentes na LOMCE.

Ramas de conocimiento (a las que se adscriben los diferentes Grados)	Materias de modalidad de 2º de bachillerato
ARTE y HUMANIDADES	Análisis Musical II, Anatomía Aplicada, Artes Escénicas, Cultura Audiovisual, Dibujo Artístico II, Dibujo Técnico II, Diseño, Geografía, Griego II, Hª de la Música y de la Danza, Hª del Arte, Latín II, Lenguaje y Práctica Musical, Literatura Universal, Técnicas de Expresión Gráfico Plásticas, Volumen
CIENCIAS SOCIALES y JURÍDICAS	Economía de la Empresa, Geografía, Latín II, Literatura Universal, Matemáticas Aplicadas a la Ciencias Sociales II
CIENCIAS	Biología, Ciencias de la Tierra y Medio Ambientales, Física, Matemáticas II, Química
CIENCIAS DE LA SALUD	
INGENIERIA y ARQUITECTURA	Ciencias de la Tierra y Medio Ambientales, Dibujo Técnico II, Electrotecnia, Física, Matemáticas II, Tecnología Industrial II, Química

7000 Información e Documentación		25	CAMPUS DE LUGO		3011	Enfermería - Pólvora (Cent. Adm. con condición económica especial)	70	
7011	Podoloxía	50	CÓD	GRADO EN:	Prax	3012	Enxeñaría de Enerxía	50
7012	Relacións Laborais e Recursos Humanos	60	5001	Administración e Dirección de Empresas	90	3013	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicacións	130
7013	Enxeñaría Naval e Oceanica	45	5002p	Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (Modalidade Presencial)	40	3013sq	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicacións * (Grupo en Inglés)	20
7014	Textil Industrial de Moda (**)	30	5002s	Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (Modalidade Semipresencial)	25	3014	Enxeñaría dos Recursos Minerais e Enerxéticos	50
			5004	Enfermería (Centro Adorto)	60	3015	Enxeñaría Eléctrica	50
			5006	Enxeñaría Civil	45	3016	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	70
			5009	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	45	3017	Enxeñaría en Organización Industrial	64
			5010	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	50	3018	Enxeñaría en Química Industrial	50
			5011	Mestre en Educación Infantil	82	3019	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	68
			5012	Mestre en Educación Primaria	82	3019sq	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais * (Grupo en Inglés)	20
			5013	Nutrición Humana e Dietética	60	3020	Enxeñaría Mecánica	122
			5014	Relacións Laborais e RR. HH. (Adorto condición económica especial)	57	3022	Linguas Estranxeiras	50
			5015	Veterinaria	110	3023	Química	60
			5016	Lingua e Literatura Españolas	45	3024	Relacións Laborais e Recursos Humanos	80
			5017	Xestión de Pequenas e Medias Empresas	45	3025	Tradución e Interpretación: Español - Inglés	50
			5018	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	45	3026	Tradución e Interpretación: Español - Francés	20
			5019	Palaxas (1ª e 2ª curso dispensase en Lugo-UDC / 3ª e 4ª en Coruña-UDC)	50	3027	Tradución e Interpretación: Galego - Inglés	40
						3028	Tradución e Interpretación: Galego - Francés	10
			SIMULTANIDADE DE ESTUDOS – GRAOS EN:			3029p	Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (Modalidade Presencial)	40
			5102	Ens. Agrícola e Agroalimentaria e Ens. Forestal e do Medio Natur.	10	3029s	Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (Modalidade Semipresen.)	10
			5103	Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria	18	3030	Enxeñaría Biomédica	50
						SIMULTANIDADE DE ESTUDOS – GRAOS EN:		
						3101	Administración e Dirección de Empresas e Dereito	40

[1] O Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil xunto co Mestrado en Enxeñaría de Comiños, Canais e Portos substitúen á anterior titulación de Enxeñaría de Comiños, Canais e Portos.

[2] O Grao en Enxeñaría en Tecnoloxía Industrial xunto co Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial substitúen a anterior titulación de Enxeñaría Industrial.

[3] Para o acceso ao Grao en Enxeñaría Mecánica do Centro universitario de Defensa – Marín véxase o Decreto de provisión de prazas das Forzas Armadas.

[*] Grupo específico coa docencia en Inglés

[**] Grao con requisitos de admisión específicos, ver: <http://graduindustrialmoda.udc.gal>

CENTRO UNIVERSITARIO DE DEFENSA - MARÍN	
Grao en Enxeñaría en Mecánica (Centro Adorto – condición de acceso especial) [3]	68

LUGARES DE MATRÍCULA		
UNIVERSIDADE DE CORUÑA	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	UNIVERSIDADE DE VIGO
A matrícula poderá realizarse a través de internet nos centros onde se imparten cada un dos Graos: http://matricula.udc.es/MatriculaPrimeiro/	A matrícula deberá realizarse a través de internet: http://matricula.usc.es Campus de Santiago: Unidades de Xestión Académica (UJA) Campus Norte e Sur. Campus de Lugo: Unidade de Xestión Académica (UJA) do Campus Universitario.	A matrícula poderá realizarse a través de internet nos centros onde se imparten cada un dos Graos: http://seix.uvigo.es/automatricula

TELÉFONOS DE INFORMACIÓN		
UNIVERSIDADE DE CORUÑA	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	UNIVERSIDADE DE VIGO
Tel.: 981 167 000 – Ext. 1190 / 1192	Tel.: 881 812 000 / 881 811 000	Tel.: 986 613 630

CIUG - Telf.: 881 813 452 (de 09,00 a 14,00 horas) - <http://ciug.gal/>

Nota: oferta de prazas e titulacións para o curso 2018-2019 autorizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pendente de aprobación polo Consejo General de Política Universitaria.

Se precisas coñecer titulacións noutras comunidades autónomas, ou saber dalgunha non mencionada antes, non tes máis que achegarte ao Departamento de Orientación.

A FORMACIÓN PROFESIONAL

(www.edu.xunta.es/fp)

A Formación Profesional estrutúrase en Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior

Como se accede?

Aos Ciclos de Grao Medio:

Co título de Graduado en Educación Secundaria. De non ter o título, podes acceder a calquera Ciclo de grao Medio se superas unha proba de acceso e cumpres 17 anos no ano natural en que se celebran as probas.

Aos Ciclos de Grao Superior:

Co título de Bacharelato e, dende e ste curso, co de técnico de grao medio. De non ter o título, coa superación dunha proba de acceso que varía en función do Ciclo ao que desexes acceder, e con 19 anos cumpridos no ano natural en que se celebra a proba.

Como están organizados?

Os ciclos organízanse en **módulos** (as áreas ou materias de contido teórico e práctico que terías que estudar). Existen uns módulos que son comúns a tódolos Ciclos: FOL (Formación e Orientación laboral), EIE (Empresa e Iniciativa Emprendedora), FCT (Formación en Centros de Trabajo), Proxecto integrado. Están directamente relacionados coa profesión estudada, é dicir, xa non existen materias como lingua e literatura, matemáticas, filosofía, ciencias sociais, etc.

Que é a FCT (Formación en Centros de Trabajo)?

Consiste nun período de prácticas que terás que desenvolver nunha empresa, e que normalmente dura 3 meses ó final do Ciclo. É un módulo con moitas horas e para acceder a el hai que superar todos os outros módulos que se imparten no centro educativo.

Canto duran os Ciclos?

2000 horas (incluídas as prácticas), distribuídas en dous cursos académicos.

Que titulación se obtén?

Co Ciclo de grao Medio: **Título de Técnico** na profesión correspondente. Con el podes acceder ó mundo laboral ou ao Bacharelato.

Co Ciclo de grao Superior: **Título de Técnico Superior**. Con el podes acceder ó mundo laboral ou a certos graos universitarios.

Lembra que para obter os títulos é imprescindible superar todos os módulos que se imparten en cada Ciclo.

Que son os Ciclos de Artes Plásticas e Deseño?

Son uns Ciclos de grao Medio e Superior que se estudan en escolas de artes e que para acceder a eles, ademais da titulación necesaria (ESO ou Bacharelato) hai que superar unha proba que mide as aptitudes e habilidades para cursar ese ciclo con aproveitamento (explicarémolo máis adiante).

Cales son os Réximes e as Modalidades para realizar os estudos de FP?

Actualmente, a Formación Profesional pódese cursar:

- No réxime ordinario:** por curso completo, na modalidade presencial, asistindo diariamente a un centro formativo.
- No réxime de persoas adultas:** por curso completo ou de xeito parcial, por módulos formativos, nas modalidades tanto presencial, semi-presencial ou a distancia.

A matrícula parcial por módulos permite que cada persoa deseñe o seu itinerario formativo en función da súa actividade laboral, das cargas familiares ou doutras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais ao longo da vida.

Para realizar a matrícula no réxime de persoas adultas é preciso ter cumpridos os 18 anos no ano natural no que se inicien os estudos.

Que saídas teñen os Ciclos de FP?

Ao finalizar un ciclo formativo de grao medio pódese acceder directamente aos ciclos de grao superior.

No caso de ter finalizado un ciclo formativo de grao superior poderase acceder de modo directo, sen necesidade de proba, a calquera ensinanza universitaria de grao e a calquera outro ciclo formativo de grao superior. Se o título universitario tivese limitación de prazas o acceso farase tendo en conta a nota media do ciclo formativo.

No caso de acceder ás ensinanzas universitarias desde un ciclo formativo de grao superior é posible ter o recoñecemento de créditos universitarios (validar materias do título universitario).

A obtención do título de técnico ou técnico superior, pola superación dun ciclo formativo de grao medio ou grao superior respectivamente, permite a incorporación ao mercado laboral, desempeñando cualificadamente unha actividade nun campo profesional executada de xeito autónomo, e que pode levar consigo a asunción de responsabilidades dentro dunha organización produtiva.

Formas de acceso a ciclos de Grao Medio

Réxime ordinario:

As prazas ofrecidas para cada centro e ciclo distribúense en tres cotas: cota xeral, cota para persoas con discapacidade legalmente recoñecida (10%) e cota para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento (5%).

Para cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso:

- Grupo A, persoas que posúen título da ESO ou titulacións equivalentes para efectos de acceso a ciclos.
- Grupo B, persoas que teñen título profesional básico ou os módulos obrigatorios dos PCPI do curso 2011-2012 ou seguintes.
- Grupo C, persoas que teñen certificación de superación das probas de acceso a ciclos ou outras vías de acceso a ciclos de grao medio.

A distribución, ao comezo do proceso de admisión, das prazas dispoñibles para cada ciclo e para cada centro é:

GRUPO A ESO ou Equivalente	GRUPO B FPB ou PCPI	GRUPO C Proba acceso e outros
Ata 70%	Ata 20%	Ata 10%

Acceso mediante proba

Poderán concorrer á proba de acceso aquelas persoas que teñan cumpridos **17 anos** ou os cumpran no ano en que se realizan as probas.

Para estes alumnos resérvase o 10% das prazas do ciclo e tense en conta a nota media acadada na proba.

Para presentarse á proba hai que facer unha inscrición presentando a documentación nun centro que imparta Formación Profesional. Normalmente a proba celébrase en maio ou xuño, e as notas saen a finais de xuño. Deste xeito, se superas a proba de acceso, poderás facer a solicitude de praza en ciclos no prazo ordinario (finais de xuño), e terás preferencia sobre os que presentan a solicitude de admisión en setembro.

Contidos da Proba:

Esta proba constará de tres partes, e será a mesma independentemente do ciclo ao que desexes acceder :

- 1. Parte de contidos sociocultural:** Lingua Castelá, Lingua Galega e Ciencias Sociais.
- 2. Parte de contidos de carácter científico-tecnolóxico:** Tecnoloxía e Ciencias Naturais.
- 3. Parte matemática:** Matemáticas.

Para ver exemplos de probas podes consultar en www.edu.xunta.es/fp

Para solicitar praza en calquera ciclo terás dous períodos:

- Período ordinario en xuño**
- Período extraordinario en setembro**, para quen cumpre os requisitos en setembro.

No período extraordinario de setembro as prazas disponibles son as sobrantes do período ordinario. Hai ciclos de formación profesional que en setembro xa esgotaron as prazas coas solicitudes de xuño, e xa non as ofertan en setembro, co cal convén cumprir os requisitos en xuño (tanto se vas por acceso directo como se vas por proba).

Pero se no momento en que solicitas praza no ciclo, cumpres tanto os requisitos de acceso directo (Título de ESO), e tamén cumpres o acceso por proba (caso dos alumnos que superan completa a proba de acceso), deberás solicitar admisión no ciclo obrigatoriamente polo cupo de acceso directo, onde se terá en conta a nota media de 4º de ESO ou dos estudos que acredites.

Formas de acceso aos Ciclos de Grao Superior

Pódese acceder de forma directa se se cumpren determinadas condicións ou mediante unha proba de acceso.

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C
Bacharelato ou Equivalente	Título de Técnico	Proba acceso e outros
Ata 70%	Ata 20%	Ata 10%

É dicir, cando non existan prazas suficientes terá prioridade o alumnado que:

Dentro de cada grupo establécese a relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso

Grupo A.

1º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, e coas materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo. A nota media, de maior a menor, das materias vinculadas empregárase nos casos de empate da nota media do bacharelato.

2º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, pero sen algunha das materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo.

3º. Alumnado con título de bacharelato sen modalidade preferente das determinadas no currículo do ciclo. Alumnado que superara COU ou PREU.

4º. Alumnado con certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) da modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo (*non aplicable para este curso, segundo o disposto no Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño*).

5º. Alumnado con certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) sen a modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo.

6º. Alumnado con título de bacharelato unificado e polivalente (BUP).

Grupo B.

1º. Alumnado con título de técnico de formación profesional da mesma familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

2º. Alumnado con título de técnico de formación profesional de diferente familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

Grupo C.

1º. Alumnado con proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

2º. Alumnado con proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.

3º. Alumnado con título de técnico superior ou de técnico especialista.

4º. Alumnado con título universitario.

Así que antes escoller o teu itinerario de bacharelato debes ter claro se está vinculado ao ciclo superior que desexes acceder:

VÍNCULOS entre os BACHARELATOS e os CICLOS SUPERIORES

En relación coa preferencia no acceso a ciclos formativos de grao superior, as modalidades de bacharelato establecidas nas distintas leis orgánicas de educación terán a mesma consideración, segundo se resume na seguinte táboa

Modalidades de Bacharelato LOE	Modalidades de Bacharelato LOMCE
Ciencias e Tecnoloxía	Ciencias
Humanidades e Ciencias Sociais	Humanidades e Ciencias Sociais
Artes	Artes

Familia profesional LOE	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato	Materias de bacharelato
Hostalaría e turismo	CSHOT01 Xestión de aloxamentos turísticos	Humanidades e ciencias sociais.	
	CSHOT02 Axencias de viaxes e xestión de eventos	Humanidades e ciencias sociais.	
	CSHOT03 Guía, información e asistencias turísticas	Humanidades e ciencias sociais.	
	CSHOT04 Dirección de cocifa	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSHOT05 Dirección de servizos de restauración	Ciencias e tecnoloxía.	
Imaxe e son	CSIMS01 Produción de audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIMS02 Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIMS03 Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIMS04 Son para audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIMS05 Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Ciencias e tecnoloxía.	
Imaxe persoal	CSIMP01 Estética integral e benestar	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIMP02 Estilismo e dirección de peiteado	Ciencias e tecnoloxía. Humanidades e ciencias sociais.	
	CSIMP03 Asesoría de imaxe persoal e corporativa	Ciencias e tecnoloxía. Humanidades e ciencias sociais.	
	CSIMP04 Caracterización e maquillaxe profesional	Ciencias e tecnoloxía. Humanidades e ciencias sociais.	
Industrias alimentarias	CSINA01 Vitivinicultura	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSINA02 Procesos e calidade na industria alimentaria	Ciencias e tecnoloxía.	
Industrias extractivas			
Informática e comunicacións	CSIFC01 Administración de sistemas informáticos en rede	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIFC02 Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIFC03 Desenvolvemento de aplicacións web	Ciencias e tecnoloxía.	
Instalación e mantemento	CSIMA01 Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIMA02 Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSIMA03 Mecatrónica industrial	Ciencias e tecnoloxía.	
Madeira, moble e cortiza	CSMAM01 Deseño e amobramento	Ciencias e tecnoloxía. Artes.	
Marítimo-pesqueira	CSMAP02 Transporte marítimo e pesca de altura	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSMAP01 Acuicultura	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSMAP03 Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións	Ciencias e tecnoloxía.	
Química	CSQUI02 Química industrial	Ciencias e tecnoloxía.	Química
	CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade	Ciencias e tecnoloxía.	Química
	CSQUI03 Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns	Ciencias e tecnoloxía.	

Familia profesional LOE	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato	Materias de bacharelato
Sanidade	CSSAN01 Audioloxía protésica	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSAN02 Próteses dentais	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSAN06 Anomalía patolóxica e citodiagnóstico	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSAN09 Hixiene bucodental	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSAN08 Documentación e administración sanitarias	Ciencias e tecnoloxía. Humanidades e ciencias sociais.	
	CSSAN04 Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSAN05 Laboratorio clínico e biomédico	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSAN07 Radioterapia e dosimetría	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSAN03 Ortoprótésis e produtos de apoio	Ciencias e tecnoloxía.	
Seguridade e ambiente	CSSEA01 Educación e control ambiental	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSSEA02 Coordinación en protección civil e emerxencias	Ciencias e tecnoloxía.	
Servizos socioculturais e à comunidade	CSSSC01 Educación infantil	Humanidades e ciencias sociais.	
	CSSSC03 Animación sociocultural e turística	Humanidades e ciencias sociais.	
	CSSSC02 Integración social	Humanidades e ciencias sociais.	
	CSSSC04 Mediación comunicativa	Humanidades e ciencias sociais.	
	CSSSC05 Promoción de igualdade de xénero	Humanidades e ciencias sociais.	
Téxtil, confección e pel	CSTCP01 Patronaxe e moda	Ciencias e tecnoloxía.	
	CSTCP02 Deseño e produción de calzado e complementos	Ciencias e tecnoloxía. Artes.	
	CSTCP03 Vestuario a medida e de espectáculos	Humanidades e ciencias sociais. Artes.	
	CSTCP04 Deseño técnico en téxtil e pel	Ciencias e tecnoloxía. Artes.	
Transporte e mantemento de vehículos	CSTMV01 Automoción	Ciencias e tecnoloxía.	
Vidro e cerámica	CSVIC01 Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	Ciencias e tecnoloxía.	

Oferta de Ciclos de Formación Profesional de grao Medio e grao Superior:

Familias profesionais	Oferta de Ciclos Medios (CM) e Ciclos Superiores (CS)
Agraria	
Xestión e organización de empresas agropecuarias e dos recursos naturais e paisaxísticos	CM Producción agrotecnolóxica
	CM Producción agropecuaria
	CM Xardinería e floraría
	CM Aproveitamento e conservación do medio natural.
	CS Paisaxismo e medio rural.
	CS Gandaría e asistencia en sanidade animal
	CS Xestión Forestal e do medio natural
Actividades Físicas e Deportivas	
Condución e animación de actividades físico – deportivas	CM Condución de actividades físico – deportivas no medio natural
	CS Animación de Actividades Físicas e Deportivas
Artes Gráficas	
Actividade produtiva de preparación de orixinais, tratamento de textos e imaxes, preparación da forma impresa, impresión en huecograbado, offset, serigrafía e flexografía, encadernación, manipulado de papel, cartón e outros materiais	CM Preimpresión dixital
	CM Impresión gráfica.
	CS Deseño e produción gráfica
	CS Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia
Marítimo Pesqueiras	
Pesca: artesanal e industrial. Acuicultura: peixes, crustáceos e moluscos. Buceo: media profundidade. Buques: manexo, control e mantemento dos sistemas de propulsión, equipos e instalacións. Transporte marítimo: administración e control da navegación.	CM Cultivos acuícolas.
	CM Operacións subacuáticas e hiperbáricas
	CM Navegación e pesca de litoral.
	CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións
	CS Transporte marítimo e pesca de altura.
	CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións
	CS Acuicultura

Administración e Xestión	
Administración e xestión en calqueirasector de actividade económica, entidades financeiras e de seguros, e na administración pública	CM Xestión administrativa
	CS Administración e finanzas.
	CS Asistencia á dirección.
Comercio e Marketing	
Actividade productiva de departamentos comerciais, comercio independente (ó por maior e ó por menor), comercio integrado e asociado, axencias comerciais, xestión do transporte, servios ó consumidor	CM Actividades comerciais
	CS Transporte e loxística
	CS Comercio Internacional.
	CS Xestión de vendas e espazos comerciais.
	CS Márketing e publicidade
Imaxe e Son	
Fotografía, cine, vídeo, publicidade, radio, televisión, espectáculos e axencias de noticias.	CM Vídeo disc-jockey e son
	CS Animación 3D, xogos e contornos.
	CS Iluminación, captación e tratamento da imaxe.
	CS Producción de audiovisuais e espectáculos.
	CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.
	CS Son para audiovisuais e espectáculos
Edificación e Obra Civil	
Construción de edificios industriais, comerciais, de servios e de vivendas, así como de aeroportos, carreteras, obras marítimas e hidráulicas, obras subterráneas, ferrocarriles, conducciónsliñais de fluídos e a súa rehabilitación.	CM Obras de interior, decoración e rehabilitación
	CM Construción
	CS Proxectos de obra civil.
	CS Proxectos de edificación
	CS Organización e control de obras de construción
Electricidade e Electrónica	
Equipos e instalacións eléctricas de distribución e electrificación, singulares e automatizadas en vivendas	CM Instalacións eléctricas e automáticas
	CM Instalacións de telecomunicacións

<p>e edificios; sistemas de automatización industrial: equipos electrónicos de consumo e profesionais, e sistemas de telecomunicacións e informáticos.</p>	<p>CS Sistemas electrotécnicos e automatizados.</p> <p>CS Sistemas de telecomunicación e informáticos.</p> <p>CS Mantenemento electrónico.</p> <p>CS Automatización e robótica industrial.</p>
Fabricación Mecánica	
<p>Construcción de maquinaria e equipos mecánicos. Fabricación de productos metálicos. Fabricación de instrumentos de previsión, óptica e similares. Construcción de material de transporte (naval, ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, automóviles, camións, autobuses, maquinaria de obras públicas, ...). Construcción de maquinaria eléctrica, etc. Fabricación e reparación de productos metálicos estruturais, grandes depósitos e calderería grossa, estructuras asociadas á construcción de maquinaria. Todo o sector de produción de bens de equipo.</p>	<p>CM Mecanizado.</p> <p>CM Soldadura e calderería.</p> <p>CS Construccións metálicas.</p> <p>CS Programación da produción en fabricación mecánica.</p> <p>CS Deseño en Fabricación Mecánica.</p> <p>CS Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros</p>
Hostelería e Turismo	
<p>Aloxamentos turísticos e non turísticos. Establecementos de restauración social e comercial. Entidades de planificación e desenvolvemento turísticos. Información, asistencia e guía turísticas. Intermediación de servizos turísticos e viaxes. Manipulación, preparación, conservación e presentación de toda clase de alimentos de produtos de panadería, pastelería e repostería.</p>	<p>CM Cociña e gastronomía</p> <p>CM servizos en restauración</p> <p>CS Axencia de viaxes e xestión de eventos</p> <p>CS Xestión de aloxamento turísticos</p> <p>CS Guia, información e asistencia turísticas</p> <p>CS Dirección de cociña.</p> <p>CS Dirección de Servizos de Restauración.</p>
Imaxe Persoal	
<p>Perrucaría, estética persoal, caracterización e asesoría de imaxe persoal.</p>	<p>CM Estética e beleza.</p> <p>CM Peiteado e estética capilar.</p> <p>CS Etética integral e benestar.</p>

	<p>CS Estilismo e dirección de peiteado.</p> <p>CS Asesoría de imaxe persoal e corporativa</p> <p>CS Caracterización e maquillaxe profesional</p>
Industrias Alimentarias	
<p>Elaboración e conservación de produtos alimenticios como aceites e xugos, viños e outras bebidas, produtos lácteos, conservería vexetal, cárnica e de peixe, industrias cerealistas.</p>	<p>CM Aceites de oliva e viños.</p> <p>CM Elaboración de produtos alimentarios</p> <p>CM Panadería, repostaría e confeitaría</p> <p>CS Procesos e calidade na industria alimentaria.</p> <p>CS Vitivinicultura.</p>
Informática e Comunicaci3ns	
<p>Instalaci3n e mantemento de produtos informáticos. Creador, programador de programas informáticos</p>	<p>CM Sistemas microinformáticas en rede</p> <p>CS Administraci3n de sistemas informáticos en rede.</p> <p>CS Desenvolvemento de aplicaci3n multiplataforma.</p> <p>CS Desenvolvemento de aplicaci3ns web.</p>
Instalaci3n e Mantemento	
<p>Montaxe e mantemento das instalaci3ns de edificios: hospitais, superficies comerciais, centros de ensino, polideportivos, oficinas, etc. Montaxe e mantemento de instalaci3ns para o proceso continuo: industria química, refino de petróleo, industrias lácteas, elaboraci3n de bebidas, papelera, etc. Montaxe e mantemento da maquinaria da fabricaci3n de produtos metálicos, para o traballo da madeira, da abricaci3n do material de transporte (ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, autom3viles, cami3ns, etc.), maquinaria eléctrica, etc</p>	<p>CM Mantemento electromecánico</p> <p>CM Instalaci3ns frigoríficas e de climatizaci3n</p> <p>CM Instalaci3ns de producci3n de calor</p> <p>CS Desenvolvemento de proxectos de instalaci3ns térmicas e de fluídos</p> <p>CS Mecatr3nica industrial</p> <p>CS Mantemento de instalaci3n térmicas e de fluídos.</p> <p>CS Prevenci3n de riscos profesionais</p>
Madeira, Moble e Cortiza	
<p>Aserrado e preparaci3n industrial da madeira e o corcho. Fabricaci3n de produtos semielaborados dada madeira e o corcho. Fabricaci3n en serie de carpintería, parquet e estruturas de madeira para</p>	<p>CM Carpintería e moble</p> <p>CS Instalaci3n e amoblamento</p>

a construción. Fabricación de envases, ensamblaxes e obxectos diversos de madeira. Industria do moble e da madeira. Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble	CS Deseño e amoblamento
Transporte e mantemento de Vehículos	
Mantemento de vehículos, automóbiles, motocicletas, maquinaria agrícola e tractores, maquinaria de construción e obras públicas, así como inspección técnica de vehículos	CM Carrozaría
	CM Electromecánica de vehículos automóbiles
	CM Electromecánica de maquinaria
	CS Automoción
	CS Mantemento aeromecánico
Química	
Industria química e farmacéutica, do refino de petróleo, da industria de papel, e da industria da transformación do caucho e materias plásticas. Así mesmo, cubre certas necesidades de cualificación noutras industrias, como a alimentación, metalurxia, vidro, cerámica e outras industrias de manufacturas que se fai imprescindible a análise e control da materia que se transforma.	CM Planta química
	CM Operacións de laboratorio
	CS Laboratorio de análise e control de calidade
	CS Química ambiental
	CS Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns
CS Química industrial	
Sanidade	
Sector sanitario, tanto dende a súa vertente pública como dende a empresa privada nos ámbitos profesionais de : atención primaria e comunitaria, atención especializada, saúde pública, servizos xerais ou centrais e produtos sanitarios	CM Coidados auxiliares de enfermería
	CM Farmacia e parafarmacia
	CM Emerxencias sanitarias (só en réxime de adultos modular)
	CS Audioloxía protésica
	CS Próteses dentais
	CS Ortoprótese e produtos de apoio
	CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear
	CS Laboratorio clínico e biomédico
	CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
	CS Radioterapia e dosimetría
	CS Documentación e administración sanitarias
CS Hixiene bucodental	

	CS Saúde ambiental CS Dietética.
Servicios Socioculturais e á Comunidade	
Organización, planificación e xestión de proxectos de intervención social, proxectos educativos, e de atención á infancia e interpretación da linguaxe de signos.	CM Atención a persoas en situación de Dependencia
	CS Animación sociocultural e turística
	CS Educación infantil
	CS Mediación comunicativa
	CS Integración social
	CS Promoción de igualdade de xénero
Textil, Confección e Pel	
Actividade produtiva textil: algodón, lana, seda natural, fibras sintéticas, punto, alfombras e acabados. Actividade do coiro: curtidos, acabados, e marroquinería e do calzado, o vestido e todo tipo de confección.	CM Confección e moda
	CS Patronaxe e moda
Enerxía e Auga	
Sector enerxético, avaliando e inspeccionando a eficiencia das instalacións de enerxía e auga dos edificios, xestionando a montaxe e mantemento das instalacións térmicas.	CS Eficiencia enerxética e Enerxía Solar Térmica
	CS Enerxías renovables
	CS Centrais eléctricas
Seguridade e Medio Ambiente	
	CM Emerxencias e protección civil
	CM Educación e control ambiental

Ensinanzas de Réxime Especial (www.edu.xunta.es/ea)

Que son as Ensinanzas de Réxime Especial?

Son ensinanzas nas que a organización é algo diferente á dos estudos de réxime xeral e nos que hai que superar unha proba para acceder a eles.

Que estudos comprende?

- Ensinanzas de Música e Danza.
- Ensinanzas de Arte Dramática
- Ciclos de Formación Profesional de Artes Plásticas e Deseño
- Estudos Superiores de Deseño
- Idiomas
- Ensinanzas Deportivas

Se precisas máis información sobre estas ensinanzas achégate ao departamento de Orientación. Tamén podes consultar en <http://www.edu.xunta.es/portal/eea>

Ensinanzas para Persoas Adultas (www.edu.xunta.es/ea)

En que consisten?

Trátase dunha formación pública e gratuíta dirixida a calquera persoa que teña cumpridos os 18 anos e que abandonaron o sistema educativo sin obter a titulación básica.

Estas ensinanzas organízanse de xeito algo diferente, tanto nas áreas impartidas como no horario. A titulación acadada é a mesma que nas ensinanzas ordinarias.

Tanto as ensinanzas de Educación Secundaria como de Bacharelato poden ser presenciais ou a distancia.

Que tipo de oferta hai?

1. **Ensinanzas de nivel I:** dirixidas a persoas que necesiten adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo. A matrícula está aberta durante todo o curso escolar.
2. **Ensinanzas de nivel II:** dirixidas a persoas sen titulación que desexen acceder á educación secundaria de adultos. Esta formación é equivalente á educación primaria.
3. **Ensinanzas de nivel III:** dirixidas a persoas sen titulación que desexen obter o título de graduado en educación secundaria. Neste caso autorízase a matrícula a alumnos menores de 18 anos, en casos excepcionais, como ter un contrato laboral, ser deportista de alto rendemento, ter superado o 1º curso dun PCPI, ou ter cursado un PCPI sen superal (**pero hai que estar inscrito como demandante de emprego nunha oficina de emprego**). Son as ensinanzas coñecidas como **ESA**.
4. **Bacharelato para persoas adultas:** dirixidas ás persoas que teñan o título de ESO ou ESA, e que desexen adquirir novos coñecementos nunha determinada materia ou obter o título de bacharel en calquera das modalidades.

5. **Ciclos formativos para persoas adultas:** esta formación pretende facilitar ás persoas adultas a súa actualización, adquirindo novos coñecementos nunha determinada competencia profesional, ou para obter o título de técnico ou técnico Superior.
6. **Aulas Mentor:** cursos impartidos a distancia orientados a mellorar a capacitación profesional e a formación cultural das persoas adultas.
7. **Galego e castelán para persoas inmigrantes:** dirixido a cidadáns doutros países, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que necesiten coñecer as linguas oficiais. Estas ensinanzas impártense nos centros de adultos, en grupos reducidos, cunha duración de 10 períodos lectivos semanais distribuídos en horarios adaptados ás posibilidades de asistencia dos alumnos.

Aulas Mentor

Que son e a quen van dirixidas?

Ensinanzas non regradas para persoas adultas, abertas, flexibles e a distancia, con titoría telemática a través de internet. Esta oferta formativa permite actualizar o perfil profesional potenciar o acceso ao emprego e aumentar a formación básica. Están dirixidos a persoas maiores de 18 anos que desexen formarse para acceder a un posto de traballo ou aumentar o seu nivel cultural. Non se require titulación previa.

Forzas e Corpos de Seguridade

Podes consultar no departamento de orientación todas as opción que baralles para o teu futuro académico e profesional.

Becas e Axudas para Estudos Postobrigatorios

Estas becas soen convocarse no verán, polo que tedes que estar atentos nos meses de xullo e agosto, aínda que o prazo é ata setembro (incluído)

- **1º de Bacharelato:** Esíxese un 5,5 de nota media en 4º de ESO
- **2º de Bacharelato:** Podes ter beca se pasas só cunha suspensión de todas as de 1º.

Podedes consultar a información no seguinte enlace

<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/becas-ayudas.html>

BECAS E AXUDAS PARA CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES

Non esquezades consultar na páxina web da Consellaría de Educación, da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es/portal/> a convocatoria de axudas para as estadias nos centros residencias docentes de Coruña, Ourense e Vigo. A publicación é normalmente en xullo, e diríxese a todo o alumnado que se ten que trasladar a estudar un ciclo formativo fóra da súa localidade de residencia

REQUISITOS:

1. Estar matriculada en estudos postobrigatorios non universitarios nalgún dos centros docentes indicados na orde
2. Non repetir curso. Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento deste requisito.
3. Non ter sido expulsada no curso anterior dun centro residencial nin estar sometida a un procedemento disciplinario en trámite.
4. A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:
 - a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
 - b) Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade. Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento deste requisito.
 Existen ademais outros requisitos económicos e unha valoración académica para obter unha praza bonificada (ver orde da convocatoria).

PRAZO ORDINARIO:

Para os solicitantes matriculados en BACHARELATO, entre xuño xullo.

Para os solicitantes matriculados en CICLOS FORMATIVOS, entre xuño e agosto.

PRAZO EXTRAORDINARIO:

Cando feita a adxudicación de prazas no período ordinario. existan no respectivo centro residencial prazas vacantes, abriráse un prazo de presentación de solicitudes en setembro.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES: Páxina web da Consellería (edu.xunta.es), taboleiros e páxina web dos respectivos CRDs.

SOLICITUDES: Entréganse nos propios Centros Residenciais Docente.

